

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN Nº 4/2024 (ELECTRÓNICO Nº 965/2024)

OBRAS DE RECUPERACIÓN E REHABILITACIÓN DA CONTORNA DO PAZO DE QUINTÁNS - PSTD (NEXT GENERATION)

(EXPEDIENTE URBANÍSTICO: 8796/2022)

(EXPEDIENTE CONVENIO AXENCIA TURISMO DE GALICIA: 2021008448)

SUBVENCIÓN: financiadas ao 100 % polos fondos NextGenerationEU a través do mecanismo europeo de recuperación e resiliencia (MRR), dentro do **compoñente 14: Plan de modernización e competitividade do sector turístico, incluído no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), no contexto da liña de investimento 1: «Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade».** (C14.I1),

ASUNTO: INFORME CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN E ATRIBUCIÓN DE PUNTUACIÓNS.

No Concello de Sanxenxo está a tramitarse un procedemento para a contratación da execución da obra denominada “RECUPERACIÓN E REHABILITACIÓN DA CONTORNA DO PAZO DE QUINTÁNS”

En cumprimento do disposto no artigo 116.4.c) da Lei 9/2017, de 0 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP), emítase o seguinte informe xustificativo dos criterios que se terán en consideración para adjudicar o contrato.

Os criterios de adjudicación que se recollerán no prego de cláusulas administrativas particulares (en diante PCAP) escóllense na procura dunha mellor calidade e unha maior eficacia na execución do contrato, buscando adecuar o obxecto do mesmo ás necesidades definidas pola Administración e garantindo, en todo caso, a máxima concurrencia e liberdade de acceso.

Os criterios de adjudicación elexidos considéranse os máis axeitados para a satisfacción do interese público, tendo en conta as características das prestacións a contratar, xustificándose a súa utilización ao estar directamente vinculados ao obxecto do contrato, tal e como preceptúa o artigo 145.5. a) da LCSP e permitir unha adecuada selección do contratista en función da mellor oferta achegada.

De conformidade co artigo 145 da LCSP establécense unha pluralidade de criterios de valoración (mellor relación calidade-precio):

CRITERIOS PONDERABLES EN FUNCIÓN DE XUÍZO DE VALOR, coa descrición da puntuación que se atribúe: ATA 50 PUNTOS. Non poderá incluírse información que permita coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que acadaría en base aos criterios avaliados de



forma automática mediante a aplicación de fórmulas, que se incluíra noutro arquivo. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar a súa exclusión do procedemento de adjudicación.

1. Programa de traballo (ATA 30 PUNTOS) (puntuación mínima esixida será de 15 puntos)

Valorarase o coñecemento da problemática que xera a obra. Interferencias e condicionantes externos ou internos para súa execución. Instalación de medios auxiliares, ubicación de instalacións de seguridade e saúde, etc., ademais de cantos detalles se consideren de interese para conseguir unha boa disposición de medios e organización dos traballos; Valorarase o correcto análise, avaliación e presentación da información con relación ao Proxecto, así como as medidas propostas para mitigar afeccións e dificultades identificadas e apreciadas. Valorarase a explicación gráfica das propostas. *A extensión máxima será de 25 páxinas* en papel formato DIN-A4, con marxes de 2 centímetros na parte superior, inferior, esquerda e dereita e tamaño de letra similar á Arial 11, admitirase dentro dos 2 cm a inclusión de pé de páxina e encabezado. Os planos que se precisen aportar como complemento a esta Memoria serán en formato DIN-A3 ou DIN-A4. Esta planimetría non computará no número máximo de páxinas. Evitarase nesta memoria/programa de traballo, tanto nela como no conxunto da oferta, a exposición de xeneralidades. Neste programa de traballo deberán incluírse os seguintes apartados:

- a. Listado de maquinaria e medios auxiliares en obra.
- b. Estudo e descrición das condicións de implantación e medidas para a súa integración ambiental.
- c. Xustificación do proceso de execución e programación das obras. Deberán achegar a planificación e programación da execución do traballo, no cal a partir da planificación do proxecto fíxense: definición de tarefas, establecemento do prazo para a súa execución, asignación de recursos e previsión de resultados; así como achegar para a execución da obra un Diagrama de Ganth e Diagrama de Pert, nos que se estableza o camiño crítico e alternativa ao mesmo. Medios que permitan organizar o funcionamento normal do obxecto da intervención e a súa contorna; medios de protección de elementos móbiles, pavimentos,... que poden sufrir danos pola execución das obras. Valorarase a metodoloxía proposta polo licitador para executar o traballo, é dicir, o proceso de execución elixido pola empresa de acordo con os obxectivos da intervención e as singularidades do proceso mencionado que poden ser relevantes na execución do contrato.
- d. Coñecemento e descrición de técnicas tradicionais e dos procesos específicos de restauración. Valorarase que os procesos e técnicas tradicionais propostos polo licitador levan a cabo con oficios tradicionais específicos, adecuados á natureza destes traballos,



directamente relacionados coas obras obxecto do contrato e que supoñan unha mellora dos resultados esperados na obra. Enténdese como oficios tradicionais os de carpintería de armar, aplicación de estucos e revocaduras de cal, cantería tradicional, forxados e outros similares. En ningún caso consideraranse tales os comúns no oficio da construción, salvo que requiran dunha execución especial fora do habitual.

As propostas dos licitadores que non alcancen a puntuación mínima esixida neste criterio (15 puntos), quedan excluídos no procedemento e non se procederá a apertura da documentación presentada para a súa valoración automática mediante a aplicación de fórmulas.

- 2. Plan de Mantemento con medidas específicas a desenvolver polo contratista para a conservación da obra executada durante o prazo de garantía (ATA 15 PUNTOS) (puntuación mínima esixida será de 7 puntos):** Os licitadores deberán describir de maneira detallada todas as actuacións que vaian a levar a cabo para asegurar o perfecto estado da obra executada, segundo o plan de mantemento, tanto preventivo, como correctivo, para a conservación da obra executada durante o prazo de garantía. O licitador presentará un cronograma das medidas tanto preventivas, como correctivas que será aplicable durante o prazo da garantía. O licitador dentro deste Plan non dará información respecto do prazo da garantía, criterio de adxudicación avaliable de forma automática. De este xeito durante esta fase do procedemento non se coñecerá a puntuación do licitador polo criterio avaliable de forma automática “incremento do prazo de garantía”. Pola contra de incluírse información que permita coñecer ou determinar a puntuación que acadaría en base aos criterios avaliables de forma automática, que se incluírá no sobre C, traería consigo a exclusión do licitador. *A extensión máxima será de 10 páxinas en papel formato DIN-A4, con marxes de 2 centímetros na parte superior, inferior, esquerda e dereita e tamaño de letra similar á Arial 11, admitirase dentro dos 2 cm a inclusión de pé de páxina e encabezado. Os planos que se precisen aportar como complemento a esta Memoria/Plan de mantemento serán en formato DIN-A3 ou DIN-A4. Esta planimetría non computará no número máximo de páxinas. Evitarase nesta memoria/plan de mantemento, tanto nela como no conxunto da oferta, a exposición de xeneralidades*

As propostas dos licitadores que non alcancen a puntuación mínima esixida neste criterio (7 puntos), quedan excluídos no procedemento e non se procederá a apertura da documentación presentada para a súa valoración automática mediante a aplicación de fórmulas.

- 3. Plan de aseguramento da calidade (ATA 5 PUNTOS) (puntuación mínima esixida será de 3 puntos):** Incluírse un plan de aseguramento da calidade específico para a obra, con identificación de materiais, unidades de obra, estrutura responsable e de organización da obra, a modo de plan de ensaios a seguir pola empresa contratista. Detallaranse cantas actividades



de inspección, ensaios e probas, particularizado para esta obra e con independencia das recollidas no proxecto e o disposto no prego. Deberá realizarse a súa costa como adxudicatario para esta obra. Estas servirán de complemento ao estipulado no proxecto e prego, estando obrigada a empresa contratista a presentar á Dirección de obra os resultados correspondentes e a documentación correspondente xerada. Prestarase atención para que non queden unidades fora de control no plan. *Deberá aportarse un Plan de ensaios e o Plan de calidade interno da empresa. A extensión máxima do Plan será de 5 páxinas en papel formato DIN-A4, con marxes de 2 centímetros na parte superior, inferior, esquerda e dereita e tamaño de letra similar á Arial 11, admitirase dentro dos 2 cm a inclusión de pé de páxina e encabezado. Os planos que se precisen aportar como complemento a esta Memoria serán en formato DIN-A3 ou DIN-A4. Esta planimetría non computará no número máximo de páxinas. Evitarase nesta memoria/plan de aseguramento de calidade, tanto nela como no conxunto da oferta, a exposición de xeneralidades. Evitarase tanto nela como no conxunto da oferta a exposición de xeneralidades.*

As propostas dos licitadores que non alcancen a puntuación mínima esixida neste criterio (3 puntos), quedan excluídos no procedemento e non se procederá a apertura da documentación presentada para a súa valoración automática mediante a aplicación de fórmulas.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MATEMATICAMENTE MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE FÓRMULAS, coa descrición da puntuación que se atribúe a cada un:

- 1. Redución do prazo de execución da obra: Valorarase ata un máximo de 25 PUNTOS.** Valorarase de forma proporcional respecto ao prazo establecido no proxecto técnico; non admitíndose fraccionamento do período mensual, polo que a oferta de redución terá que ser por meses completos.

Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P=25 \times [(X/Y)]$$

sendo:

25=Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

X: Prazo de execución mais baixo.

Y: Oferta a valorar.

A fin de cumprir co previsto no Fito 220 recollido na Decisión de Execución do Consello, as Comisións de Seguimento aseguraranse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística:

- Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- Execución do 30 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.



- Execución do 15 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

No BOE nº 26 do 30/01/2024 publícase a Resolución do 29 de decembro de 2023, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, modificado por Acordo do 29 de decembro de 2023.

O PSTD do Concello de Sanxenxo foi adxudicado no 2021, (BOE nº 29/12/2021), polo que a esixencia é que no cuarto trimestre de 2024 esté executado cando menos o 50% da actuación.

E por outra banda, esixírase xustificar a finalización dos proxectos, en todo caso, antes do final do segundo trimestre de 2026.

Á vista do anterior, considérase que a redución do prazo na execución das obras e a ponderación atribuída está totalmente xustificada, sendo a finalidade que se pretende coa elección deste criterio que se acade o crimpimento do Fito 220.

2. Incremento do prazo de garantía: Valorarase ata un máximo de 8 PUNTOS. Na memoria descritiva do proxecto técnico recóllese o seguinte:

“El plazo de garantía a partir de la firma del acta de recepción de las obras se

establece según los siguientes conceptos

- 1 año para defectos de acabado.*
- 3 años para defectos que afectan a las instalaciones.*
- 10 años para defectos que afecten a la seguridad estructural del edificio”*

Considérase apropiado que sexa un criterio de adxudicación a ampliación dos prazos de garantía antes sinalados, reforzándose a relación existente entre prezo-calidade. Outorgarase as seguintes puntuacións:

- Se o licitador oferta ampliar a 4 anos a garantía para desperfectos de acabado, a puntuación outorgada será de 3 puntos.
- Se o licitador oferta ampliar a 5 anos a garantía para desperfectos de afectan ás instalación, a puntuación outorgada será de 2 puntos.
- Se o licitador oferta ampliar a 14 anos a garantía para desperfectos á seguridade estrutural do edificio, a puntuación outorgada será de 3 puntos.

Non se admitirá o fraccionamento do período anual, polo que a oferta de ampliación terá que ser por anos completos

3. Oferta económica: Valorarase ata un máximo de 5 PUNTOS. Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o Orzamento Base de Licitación, con IVE (770.000€). No caso de que o licitador non o



puntualizase entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, se aplicará a seguinte fórmula:

$$P=5 \times [(X/Y)]$$

sendo:

5=Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

X: Oferta máis baixa.

Y: Oferta a valorar.

4. **Actuacións para a difusión, divulgación dos traballos:** O Pazo de Quintáns é declarado polo Decreto 28/2017, de 9 de febreiro, como ben de interese cultural, con categoría de monumento. Coa execución deste contrato o que se pretende é recuperar este espazo tan singular dende unha prespectiva verde e ecolóxica, renaturalizando e protexendo a natureza e a biodiversidade.

A publicidade e divulgación desta actuación é moi importante. En concreto, e especialmente no artigo 2 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, recóllense os principios de xestión específicos do PRTR, ente os que se atopa o de “Comunicación”. O cumprimento da obrigaición dos compromisos en materia de comunicación, cabezallos e logos previstos no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021 do 29 de setembro, é un principio transversal a cumprir polos beneficiarios dos fondos MRR.

Efectuadas as consideración anteriores, como criterio de adxudicación do contrato, os licitadores que oferten 3 xornadas de difusión da intervención, nas que se expliquen os traballos que se están desenvolvendo, (antes, durante e no remate), e a participación dos fondos NextGenerationEU e se comunicarán mediante unha nota de prensa para dar a coñecer ao público en xeral o ben cultural e a acción realizada e/ou inclusión en páxinas web, como a do Concello, acadarán unha **puntuación de 2 puntos**.

5. **Criterio social: igualdade de xénero:** Un dos 17 obxectivos da Axenda 2030 é a igualdade de xénero. Para a consecución, no ámbito desta actuación, deste obxectivo, considérase apropiado, outorgar unha **puntuación máxima de 5 puntos**. Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P=5 \times [(Y/X)]$$

sendo:

5=Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

X: Licitador que na acredite que na súa plantilla ten o maior porcentaxe de mulleres.

Y: Oferta a valorar.



Os licitadores na súa oferta aportarán os datos da súa plantilla, ou a documentación que se considere apropiada para a xustificación da porcentaxe ofertada, tendo en conta en todo caso o cumprimento das disposicións legais da normativa de protección de datos.

- 6. Criterio social: promoción da inserción ao mercado laboral da poboación xuvenil.** A medida que as economías comezan a recuperarse, a taxa de desemprego mundial experimentou un descenso significativo. Con todo, a taxa de desemprego dos mozos continúa sendo moi superior á dos adultos, o que indica que seguen existindo dificultades para garantir oportunidades de emprego para os mozos. “Traballo decente e crecemento económico” é un dos ODS das Nacións Unidas da Axenda 2030.

Para a consecución, no ámbito desta actuación, deste obxectivo, considérase apropiado, se valore aquelas empresas licitadoras que na súa plantilla teña contratado traballadores de entre 18 e 35 anos de idade. Considérase apropiado, outorgar unha **puntuación máxima de 5 puntos**. Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P=5 \times [(Y/X)]$$

sendo:

=Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

X: Licitador que na acredite que na súa plantilla ten o maior porcentaxe de empregados mozos.

Y: Oferta a valorar.

Os licitadores na súa oferta aportarán os datos da súa plantilla, ou a documentación que se considere apropiada para a xustificación da porcentaxe ofertada, tendo en conta en todo caso o cumprimento das disposicións legais da normativa de protección de datos.

En Sanxenxo, na data consignada na sinatura electrónica
O arquitecto municipal, Rafael Vázquez Abal

